

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Acta da Sesión Ordinaria do Pleno do 13 de xaneiro de 2020

Na Galería da Alcaldía do Concello de Vigo, ás 17:30 horas do día 13 de xaneiro de 2020, ten lugar a sesión constitutiva e ordinaria do Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

ASISTENTES

Presidente: D. Abel R. Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo.

Representantes concelleiros/as:

FORNELOS DE MONTES:

D. Emiliano Lage Rodríguez
D. Serafín Ángel Martínez Martínez

GONDOMAR

D. Juan Francisco Ferreira González
D^a. Nuria Lameiro Valverde
D^a. Rocío Goberna Sousa

MOS

D. Alejandro Figueroa Expósito
D. Román González Garrido

PAZOS DE BORBEN

Non asistiu ningún representante

REDONDELA:

D^a. Digna Rosa Rivas Gómez
D^a. María Castro Abad
D. Daniel Boullosa Martínez
D. Xoan Carlos González Campo

SALCEDA DE CASELAS

D^a. Maria Dolores Castiñeira Alén
D^a. Verónica Tourón Domínguez

SOUTOMAIOR:

Non asistiu ningún representante

VIGO:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a. Isaura Abelarias Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a. Elena Espinosa Mangana
D. Abel Fermín Losada Álvarez
D^a. Patricia Rodríguez Rodríguez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Rubén Pérez Correa

Asisten así mesmo, en representación da MAIV, o interventor D. Alberto Escaríz Couso. Da fe do acto o secretario José Riesgo Boluda.

Abre a sesión o Presidente, unha vez constatado polo Secretario a existencia de quorum suficiente e pásanse a tratar os puntos incluídos na orde do día:

PUNTO 1. CONSTITUCIÓN DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE VIGO

Presidente: Constatado o quorum procede declarar constituído o Pleno da Mancomunidade de Vigo e abrir sesión pública aos efectos do cumprimento da normativa.

Polo tanto, o primeiro punto que era a constitución do pleno da Mancomunidade, considérase constituído e integrado por tódolos membros deste pleno designados oportunamente por cada un dos grupos dos diferentes concellos.

PUNTO 2. ACORDO DO CALENDARIO DAS SESIÓNS DO PLENO.

Preséntase ao Pleno a proposta de establecer a celebración de dúas sesións ordinarias do Pleno da Mancomunidade para o último luns dos meses de abril e setembro, e en caso de que este día fose festivo, a convocatoria realizaríase para o inmediato día hábil posterior.

A proposta queda aprobada por unanimidade.

PUNTO 3. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE ECONOMÍA E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS.

Neste punto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

“ Primeiro: Aprobar a creación da Comisión Especial de Contas da Mancomunidade, que estará composta por un total de 9 membros, incluído o Presidente da MAIV, que será Presidente nato da Comisión, sen prexuízo da delegación da Presidencia efectiva a favor dun membro da Corporación.

Segundo: Solicitar a cada un dos Alcaldes-Presidentes dos concellos membros da Mancomunidade que nomee formalmente, entre os vocais do seu concello no Pleno, a un representante na devandita Comisión Especial de Contas; agás o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo que fará o nomeamento de dous representantes. En todo caso, o nomeamento producirase no prazo dos dez días seguintes a adopción deste acordo.

Terceiro: A presidencia efectiva da Comisión Especial de Contas poderá delegarse en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión tras a correspondente elección efectuada entre eles.

Cuarto: Que a Comisión Especial de contas actúe, ademais, como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e facenda desta Mancomunidade.”

Presidente: O acordo é que a comisión especial de contas consta de 9 membros e cada concello ten que nomear un vogal, un representante na devandita comisión especial de contas, ademais do alcalde-presidente do Concello de Vigo que fará nomeamento de dous representantes.

Este nomeamento debe producirse e comunicarse no prazo de dez días seguintes á adopción deste acordo. Por tanto, se o decidimos, e esta é a rutina tradicional, cada un dos concellos nos ten que enviar o nome da persoa que forme parte da Comisión de economía e facenda e especial de contas. Algunha observación?

Non se producen observacións e a proposta queda aprobada por unanimidade.

PUNTO 4. CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO COMO COMISIÓN DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DOS ASUNTOS QUE DEBAN SER SOMETIDOS Á DECISIÓN DO PLENO.

Presidente: Propónse ao Pleno a adopción do acordo de que a Xunta de goberno actúe como Comisión permanente de estudio, informe e consulta dos acordos dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno. Isto é que a Xunta de Goberno actúe como Comisión permanente, que é outra das cuestións que vimos facendo tradicionalmente.

Acábase de constituír tamén a Xunta de Goberno, coa presenza maioritaria dos Alcaldes e Alcaldesas de diferentes concellos, en consecuencia, someto a votación e a decisión este acordo. Algunha observación?

Xoan Carlos González Campo: Acabas de falar da constitución da Xunta de goberno, falaches de alcaldes e alcaldesas, están todos nesa comisión de goberno? Podes nomealos para telo ben claro?

Presidente: Tódolos Alcaldes son membros da Comisión, pero non asistiron todos a esta Comisión inicial de constitución, na que si que había maioría.

Estaban a Alcaldesa de Salceda, o Alcalde de Fornelos, o Alcalde de Gondomar, a Alcaldesa de Redondela e mais o Alcalde de Vigo. Os alcaldes restantes, que son tres alcaldes que pertencen ao grupo do Partido Popular non asistiron á constitución.

Non habendo ningunha outra observación, queda aprobada a proposta por unanimidade.

PUNTO 5. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS: IFEVI, FUNDACIÓN PROVIGO, E MESA SECTORIAL INSTITUCIONAL DA ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA MAIV-BAIXO MIÑO.

Presidente: As propostas que fai esta Presidencia están na documentación do punto quinto, que se fixo chegar a todos os membros. En resumo, a proposta é:

- “- Designar como representante no Padroado da Fundación Provigo a D. Juan Francisco Ferreira González, Alcalde-Presidente do Concello de Gondomar*
- Designar como representante na Fundación IFEVI a D. Carlos López Font, concelleiro do Concello de Vigo*
- Designar como representante da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo na mesa institucional da ADR-MAIV BAIXO MIÑO, a Don Alejandro Figueroa Expósito”.*

Algunha observación?

Xoan Carlos González Campo: Si, unha cuestión, aquí hai unha proposta en principio para negociar, non?

Presidente: Non, esta é unha proposta para votar.

Xoan Carlos González Campo: Normalmente para votar sóese, falar, negociar e tal. Nós o que consideramos e que hai tres nomeamentos, hai aquí tres propostas, e a nós nos parece moi importante, xa que nesta mancomunidade hai tres alcaldesas, que se introduza tamén o criterio de xénero, por qué se nomea a tres homes e para nós...

Presidente: Non poderán ser Alcaldes os membros da Comisión do Baixo Miño.

Xoan Carlos González Campo: Ben, pero hai mulleres que son representantes concelleiras, non? Entón para nós é moi importante que se introduza o criterio de xénero, se non, non vamos a votar a favor.

Presidente: Ben, a verdade é que a proposta é pertinente, teño que dicir que si, que me parece unha observación pertinente. Algunha proposta alternativa?.

Alcalde-Presidente de Gondomar, me ofreces a túa retirada do nome como representante da Fundación Provigo?

Alcalde Gondomar: Sen problema.

Presidente: Porque quero modificar a proposta e propoñer á alcaldesa de Redondela, e lle agradezo moitísimo ao Alcalde de Gondomar a súa renuncia. Polo tanto, a proposta sería:

- *Designar como representante da Mancomunidade de Vigo no Padroado da Fundación Provigo a D^a. Digna Rivas Gomez , Alcaldesa-Presidenta do Concello de Redondela.*
- *Designar como representante da Mancomunidade de Vigo no IFEVI a D. Carlos López Font, concelleiro do Concello de Vigo.*
- *Designar como representante da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo na mesa institucional da ADR-MAIV BAIXO MIÑO, a Don Alejandro Figueroa Expósito.*

Algunha observación mais?

Non se producen mais observacións e queda aprobada a proposta por unanimidade.

PUNTO 6. DAR CONTA DOS MEMBROS QUE INTEGRAN A XUNTA DE GOBERNO DA MANCOMUNIDADE E AS VICEPRESIDENCIAS.

Tal como establece a documentación deste punto, a Xunta de Goberno está composta polos seguintes alcaldes:

CONCELLO

FORNELOS DE MONTES
GONDOMAR
MOS
PAZOS DE BORBÉN
REDONDELA
SALCEDA DE CASELAS
SOUTOMAIOR
VIGO

ALCALDE

Emiliano Lage Rodríguez
Juan Francisco Ferreira Gonzalez
Nidia M^a Arévalo Gómez
Andrés Iglesias Rodríguez
Digna Rosa Rivas Gómez
Maria Dolores Castiñeira Alén
Agustín Reguera Ocampo
Abel R. Caballero Álvarez

No caso das vicepresidencias, o artigo 12 dos Estatutos establece que “As Vicepresidencias, unha por cada área, serán desempeñadas con carácter rotatorio durante un ano polos Alcaldes-Presidentes dos Concellos, ou quen legalmente os substitúa no seu Concello, que integran cada área territorial, segundo orde alfabético destes últimos.”

Así pois, dando cumprimento ao establecido nos Estatutos desta entidade, as Vicepresidencias corresponderán durante un ano, a partir da celebración deste Pleno, aos/ás seguintes alcaldes ou alcaldesas:

1. Área do Louro-Condado: Alcalde-Presidente do Concello de Mos, Dona Nidia María Arévalo Gómez.
2. Área do Val Miñor: Alcalde-Presidente do Concello de Gondomar, D. Juan Francisco Ferreira González.

3. Área de Redondela-Norte: Alcalde- Presidente do Concello Fornelos de Montes, D. Emiliano Lage Rodríguez.

Transcorrido un ano, as Vicepresidencias rotarán, tal como establecen os Estatutos.

O Pleno queda informado.

PUNTO 7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 12 DE AGOSTO DE 2019 POLA QUE SE DELEGAN DETERMINADAS ATRIBUCIÓN NA CONCELEIRA DO CONCELLO DE VIGO E MEMBRO DO PLENO DA MANCOMUNIDADE, D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO.

Presidente: Dáse conta ao pleno da Resolución da Presidencia de data 12 de agosto de 2019, pola que se delegan atribucións na concelleira do Concello de Vigo e membro do Pleno da Mancomunidade, Patricia Rodríguez Calviño. Ten delegación dalgunhas cuestións relacionadas coa firma e outras cuestións máis de trámite da Mancomunidade que xa foran delegadas no mandato anterior. Propoño que sexa Patricia Rodríguez, dando conta a este Pleno.

Algunha observación?

O Pleno queda informado.

PUNTO 8. DAR CONTA DA LIQUIDACION DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2018.

Presidente: Damos conta da liquidación de orzamentos do exercicio 2018. Pásolle a palabra ao Interventor.

Interventor: Boas tardes, damos conta da liquidación de orzamentos do ano 2018, aprobado por resolución do Presidente da Mancomunidade.

Na citada liquidación cumpriuse coa regra de gasto e co principio de estabilidade orzamentaria.

Como resultado da liquidación, non hai débeda financeira coas entidades financeiras nin débeda comercial. O saldo de tesourería a 31 de decembro de 2018 foi de 1.372.000 € e o remanente de tesourería para gastos xerais, que é unha magnitude que integra, non soamente a tesourería senón tamén os dereitos pendentes de cobro foi de 1.707.000 euros, a 31 de decembro de 2018. Polo tanto, o superávit do exercicio foi de 1.324 € como consecuencia do axuste das cotas que tiñamos acordado para que non houbera excedentes. E polo tanto, o resultado, a situación financeira da Mancomunidade é esta. Non hai máis que dicir.

Presidente: Moitas grazas. Efectivamente temos unha situación de remanente total de 1.707.000 €. Queda dada conta. Hai algunha observación?. (Non hai observacións).

PUNTO 9. DAR CONTA DOS INFORMES DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DE GASTO DOS EXERCICIOS 2017, 2018 e 2019.

Interventor: Nestes tres exercicios 2018-2019-2020, fíxose o oportuno informe sobre o cumprimento de estabilidade orzamentaria e nos tres exercicios, os tres orzamentos foron aprobados en equilibrio, tanto orzamentario, como dende o punto de vista de estabilidade e regra de gasto, polo tanto, cumpren cos obxectivos de estabilidade orzamentaria nos tres exercicios, 2018-2019-2020. É todo.

Presidente: Ben, sabedes que dende a Federación Española de Municipios e Provincias, cuestionamos o actual sistema de regra de gasto de teito de gasto. Cremos que para institucións cumpridoras como son os concellos, esta regra de gasto vixente é unha regra de gasto que incentiva o despilfarro, porque todo aquilo que signifique aforro de gasto por un Concello, por unha deputación ou neste caso, por esta área, penalizará no teito de gasto do ano seguinte, e isto xera unha presión de ineficacia. En suma, é mellor gastar que non gastar, porque se non, vanche pasar factura e vanche a baixar o teito de gasto.

Ben, temos bastantes acordos xa dende que cambiou o Goberno sobre teito de gasto que precisa de Lei Orgánica para ser vixentes, porque xa acordamos un número e unhas partidas que non deben entrar, por exemplo gastos extraordinarios por sentenzas, ter que facerse cargo dalgunhas obras públicas que foron trazadas coa aquela Lei que daba cobertura a que se unha empresa non cubría o equilibrio orzamentario despois dunha adxudicación de obra pública e servizo, devolvía e había que remunerarlle, pagarlle o investimento non amortizado, e barbaridades similares...

Isto foi xa modificado, agora podemos introducir gastos plurianuais, pero precisabamos dun Goberno que tivera maioría absoluta porque son leis orgánicas, e polo tanto, estamos nunha situación de acordo, pero de necesidade de maioría orgánica parlamentaria, para facer a derogación dalgúns aspectos do teito de gasto. Temos outros acordos tamén sobre outras cuestións de contabilización, pero esta é unha das significativas. No que respecta a Mancomunidade, non ten efecto, pero quería informar que dende a FEMP seguiremos moi activos para tratar de ter regras normais e eficaces. Nós queremos que a regra de gasto sexa orzamento sobre orzamento, non queremos que sexa orzamento liquidado sobre orzamento liquidado, e queremos que algúns gastos desaparezan na contabilización da regra de gasto.

Queda dada conta ao Pleno, por tanto, dos informes de estabilidade orzamentaria.

PUNTO 10. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2019, 2/2019, 3/2019, 4/2019, 5/2019, 6/2019 E 7/2019.

Dáse conta ao Pleno dos seguintes expedientes de modificación de créditos:

“Expediente nº 1/2019 ,modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Obradoiro de Emprego dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2018) para

os gastos do persoal contratado e do funcionamento do proxecto durante a anualidade do 2019. O importe é de 76.910,41 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 2/2019, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos de Salarios e Seguridade Social derivados da contratación durante parte do ano 2019 dunha persoa perceptora de RISGA para “Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores da MAIV”. O importe é de 4.918,02 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 3/2019, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos de Salarios e Seguridade Social derivados da contratación durante parte do ano 2019 dunha persoa perceptora de RISGA para “Apoio ás labores administrativas da MAIV”. O importe é de 3.359,13 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 4/2019, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para financiar parte dos custos laborais do Axente de Emprego e Desenvolvemento local para o ano 2019. O importe é de 10.759,69 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 5/2019 , modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos salariais derivados da contratación durante parte do ano 2019 de dúas persoas perceptoras de RISGA para “Apoio ás labores administrativas da MAIV”. O importe é de 17.555,32 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 6/2019 , modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Obradoiro de Emprego dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2019), para os gastos deste proxecto durante o ano 2019. O importe é de 99.112,92 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 7/2019 , de modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP) para o desenvolvemento dun plan agrupado de formación por parte da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo para o ano 2019. O importe é de 5.150,00 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.”

Interventor: Trátase de sete modificacións de crédito que son consecuencia, na modalidade de xeracións de crédito, de subvencións concedidas fundamentalmente por programas da Xunta de Galicia de Promoción e fomento de emprego, e por programas para financiar actividades de formación por parte da EGAP, entón fixéronse as oportunas xeracións de crédito.

Presidente: Algunha observación? (Non hai observacións).

O Pleno queda informado.

PUNTO 11. APROBACIÓN DO INCREMENTO ADICIONAL DO 0,25% NAS RETRIBUCIÓN DO PERSOAL DA MANCOMUNIDADE PARA O EXERCICIO 2019.

Interventor: Ben, tal como establece a documentación que acompaña a este punto, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano pasado 2018, existía unha subida adicional para os empregados públicos do 0,25 por cento, condicionado ao cumprimento dos obxectivos de déficit, de crecemento do PIB, e como se cumpriron, no conxunto das entidades locais realizouse ese incremento adicional nas retribucións dos empregados públicos. Non se fixera aínda así na Mancomunidade porque non se tiña convocado o Pleno. Entón agora, se aprobaría con efectos do 1 de Xullo de 2018 ese incremento do 0,25%.

A proposta contida neste punto e que se somete a votación é a seguinte:

“Aprobar con efectos de 1 de xullo de 2019 un incremento nas retribucións do persoal da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo dun 0,25% adicional respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2018 de conformidade co establecido no Real Decreto-lei 24/2018, coa exclusión do persoal laboral co que se teña formalizado un contrato para a formación e aprendizaxe, cando as súas retribucións se correspondan coa contía fixada para o salario mínimo interprofesional.

O dito acordo producirá efectos desde o 1 de xullo de 2019 e darase traslado do mesmo aos Servizos económicos da Mancomunidade.”

A proposta é aprobada por unanimidade.

PUNTO 12. ROGOS E PREGUNTAS

Presidente: Rogos e preguntas?

Ben, eu quería falar neste punto de algo un pouco máis político, que é a situación desta Mancomunidade, da súa actividade, que xa falamos no mandato anterior.

Nós temos unha situación singular e estraña: temos un área metropolitana aprobada, constituída, impugnada pola Xunta de Galicia e levada aos Tribunais pola Xunta de Galicia, con absoluto desprezo de algo tan importante como é a constitución por primeira vez dun establecemento de goberno en toda esta área poboacional, que está en torno ao medio millón de persoas; e polo tanto é a primeira vez na que en Galicia se producía unha tendencia ao equilibrio dos poderes, coa aparición da Área Metropolitana de Vigo e a súa constitución, que significaba a nosa asunción colectiva como concellos e como plenos de cada un dos concellos volcados dunha área metropolitana.

Isto é un avance histórico, pero a Xunta de Galicia e o Partido Popular rebentan todo aquilo que non controlan. Aquí mesmo, a ausencia do Partido Popular é significativa porque, como están en minoría con respecto ás posibles tendencias ideolóxicas ou políticas, sinxelamente non existen.

Para os que formades parte deste Pleno por primeira vez, isto xa ven sucedendo ao longo de todo o mandato anterior. O Grupo Popular asistiu ao primeiro pleno e deixou de asistir, e esta é a situación na que estamos, e por tanto estamos nunha situación de “impasse” na que a Mancomunidade quedou,

desta forma, debilitada porque algúns concellos con maioría popular abandonaron a área: Baiona, Nigrán, Porriño,... É certo que nalgúns deles houbo un cambio de situación política, pero entendemos que é difícil integrarse nunha Mancomunidade que está chamada a desaparecer porque a propia Lei de Área Metropolitana sinala que ten un horizonte definido. Aínda que, por razón de esta interferencia de denuncia e a consecuente actuación do Poder Xudicial, non sabemos cando vai a ser o horizonte de constitución da Área Metropolitana e, polo tanto, de absorción da Mancomunidade por parte da Área, así que estamos nunha situación singular, estraña. Non obstante, parece que haberá unha sentenza, ou debería habela, en breve, porque tódalas actuacións en primeira instancia da Área Metropolitana están rematadas. Haberá unha sentenza, e con toda a probabilidade rematará no TSJ, porque calquera das dúas partes vai a recorrer. E isto nos sitúa en esta posición na que estamos.

Eu, de todos modos, quero dicirle aos membros deste Pleno, que se hai algunhas ideas ou algúns plantexamentos de accións a tomar e levar adiante pola Mancomunidade, é certo que temos 1.700.000 €, e polo tanto, se consideramos accións interesantes a desenvolver e son aprobadas por maioría deste pleno, será unha boa forma de utilizar estes recursos en beneficio das xentes dos nosos municipios. Polo tanto, quero lanzar a idea para que, a través dos portavoces dos grupos, poidades falar e lanzar ideas á Presidencia para revitalizar á Mancomunidade e poder trazar cuestións adicionais que estean dentro do ámbito de competencia desta entidade.

Volo quería dicir e ver se desta forma dinamizamos, e cando menos empregamos estes recursos que son dos nosos cidadáns, e se iso pode redundar en beneficio das xentes dos concellos que integran a Mancomunidade, pois sería unha boa cuestión.

Así que grazas pola asistencia e seguimos traballando polos nosos concellos.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 17.55 horas, do que eu como Secretario dou fe.

Lgs

O SECRETARIO

Jose Riesgo Boluda

Vº e prace

O PRESIDENTE

Abel Caballero Alvarez